

**Normas sobre os procesos electorais a
realizar no Consello de Goberno de 1 de
marzo de 2024**

(Puntos 4 e 5 da orde do día do CG 01/03/2024)

Logo do cesamento de Salvador Naya Fernández como vicerreitor e por tanto da perda da súa condición de membro do Consello de Goberno, queda vacante o posto de PDI que representa a este sector do Consello de Goberno no Consello Social (art. 24.2 dos Estatutos da Universidade).

Igualmente, logo dos cambios realizados no Equipo de Goberno entre os membros do Consello de Goberno, ademais das baixas de Plácido Lizancos e Matilde Massó como representantes de Decanos/Directores, producíronse as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

1. Comisión de Organización Académica:

1 vacante PDI – Área de Humanidades
1 vacante PDI – Área de Ensino Técnico

2. Comisión de Investigación

1 vacante PDI - Área de Humanidades
1 vacante PDI – Área Xurídico-social

3. Comisión de Asuntos Económicos:

1 vacante PDI

PROCEDEMENTO:

As normas do procedemento electoral son o artigo 20 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno (RRICG) e o artigo 20 do Regulamento electoral xeral da UDC (REX).

O representante do PDI no Consello Social é escollido, de conformidade cos Estatutos e demais normativa de aplicación, por votación entre o sector correspondente.

Os membros das comisións delegadas son elixidos polos membros dos correspondentes sectores presentes nela de entre eles. No caso de haber máis candidatos que postos para cubrir nun sector, procederase á votación deses candidatos nunha lista única. Abrirase previamente un prazo de presentación de candidaturas. Na lista deberá figurar o ámbito científico ou ben o sector en que desenvolva as súas funcións o candidato, naqueles casos en que sexa necesario. As papeletas de votación, no seu caso, serán elaboradas pola Secretaría Xeral seguindo os criterios do artigo 20 REX e 20 do RRICG.

CALENDARIO:

- Presentación de candidaturas: **ata as 12.00 h do día 26 de febreiro de 2024** na Secretaría Xeral. As candidaturas presentaranse por correo electrónico no enderezo secretaria.xeral@udc.es
- Proclamacións provisionais: ás 12.30 h
- Reclamacións: até as 13.00 h
- Proclamacións definitivas: ás 13.30 h
- Votacións: 1 de marzo durante a sesión do Consello de Goberno
- Proclamación definitiva de persoas candidatas electas: tras a votación na sesión do Consello de Goberno, se ser o caso*

* Artigo 16.4 do Regulamento Electoral Xeral: Se o número de candidaturas definitivas proclamadas for igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, as persoas candidatas definitivas serán proclamadas electas sen necesidade de proceder á votación.